

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. [XI Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#)
2. [63 ISI World Statistics Congress - A Haia](#)
3. [Serie de seminarios Machine Learning NeEDS Mathematical Optimization](#)
4. [Congreso ONLINE "Applied Statistics in Agriculture and Natural Resources"](#)
5. [Aberto o prazo de nominacións para os ISI Awards:](#)
 - a. [Premio internacional Mahalanobis](#)
 - b. [Premio Fundadores da Estatística](#)
 - c. [Premios Jan Tinbergen](#)
 - d. [Concurso Spatial Thinking Student Competition](#)
6. [Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles](#)
7. [Contrato a cargo do proxecto DIDONE – Advanced Grant ERC 2017, UCM-ICCMU](#)
8. [Contratos de traballo no Grupo SiDOR](#)
9. [15 contratos de predoutoramento no proxecto Horizonte2020-Marie Skłodowska-Curie Innovative Training Networks](#)
10. [Contrato FBBVA - Procesamento da Linguaxe Natural](#)
11. [Ofertas de Assistant Professor \(tenure-track\) na Universidad Carlos III de Madrid](#)

1.- XI Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

A Sociedade Galega para a promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO), convocou o XI Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos para proxectos de estatística e investigación de operacións realizados por estudantes de ESO, FP Básica, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- [Bases.](#)
- [Díptico.](#)

Poden participar estudantes (matriculados en centros da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2020-2021) de ESO, FP Básica, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio. A participación pode ser individual ou en grupo (máximo de 5 estudantes). Cada participante ou grupo deberá contar polo menos cun docente-titor do seu centro, que supervise o traballo presentado. Distínguense tres categorías:

- Categoría A: 1º e 2º de ESO.
- Categoría B: 3º e 4º de ESO e FP Básica.
- Categoría C: Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.

Non hai limitación de concursantes por un mesmo centro, nin de traballos titorizados por un mesmo docente. Só se permite unha participación por estudante.

Datas importantes:

- Inscripción de traballos: dende o 05 de abril ata o 18 de abril de 2021.
- Entrega dos traballos finalizados: dende o 19 de abril ata o 2 de maio de 2021.
- Fallo do xurado: dende o 30 de maio ata o 3 de xuño 2021.

Máis información:

<https://www.sgapeio.es/index.php/formacion-e-actividades/premios-sgapeio/3442-xi-concurso-incubadora-de-sondaxes-e-experimentos>.

2.- 63 ISI World Statistics Congress - A Haia

O 63 ISI World Statistics Congress do ISI (A Haia) celebrarase virtualmente en xullo de 2021 debido ao COVID-19. As tarifas de inscrición xa están dispoñibles na ligazón <https://www.isi2021.org/registration.html>

O 63 ISI World Statistics Congress do ISI reunirá a estatísticos e científicos de datos do mundo académico, á estatística pública, o sector da saúde e as empresas, profesionais novos e senior, nunha contorna virtual acolledora. O programa interactivo proporcionará unha plataforma ideal para introducirse e profundar nos últimos avances na investigación e a práctica da estatística, nun ambiente informal. O programa científico presentará os últimos avances na investigación e a práctica estatística a través de presentacións, debates e unha serie de cursos breves.

Máis información: <https://www.isi2021.org/>

3.- Serie de seminarios Machine Learning NeEDS Mathematical Optimization

Machine Learning NeEDS Mathematical Optimization é unha serie de seminarios semanais que terán lugar todos os luns ás 16.30 (CET). Será 100% de acceso en liña e contará con relatores de todo o mundo.

Estanse a preparar unha serie de presentacións a cargo de académicos líderes no campo da ciencia e análise de datos que cubrirán temas tan importantes como a explicabilidade, equidade, fraude, privacidade, etc. O modelado matemático e a optimización matemática serán o núcleo das súas presentacións. Tamén teremos presentacións de académicos junior, que mostrarán os seus últimos resultados nesta área florecente.

Máis información:

<https://riseneeds.eu/2020/12/09/upcoming-seminar-series-machine-learning-needs-mathematical-optimization/>

Alternativamente, pode seguirnos en Twitter:

@imus_us

@needs_project

4.- Congreso ONLINE "Applied Statistics in Agriculture and Natural Resources"

17-20 de maio de 2021

O congreso de estatística aplicada á agricultura e aos recursos naturais reúne a estatísticos da academia, a industria e a administración pública para discutir ideas e avances na aplicación da estatística de utilidade para a resolución de problemas na investigación agrícola. Este é un congreso de tres días que consta dun workshop, un orador principal e unha serie de presentacións orais, ademais de incluír tamén presentacións de pósteres.

Esta congreso é único dentro dos eidos da estatística e a agricultura, pola súa natureza interdisciplinaria, e por procurar tamén que tanto os estudantes e os académicos en formación expoñan as súas primeiras investigacións estatísticas relacionadas coa agricultura. Salientamos a aplicación da estatística na resolución de problemas da vida real, destacando a agricultura e recoñecendo o esforzo conxunto do estatístico e o investigador agrícola. O ambiente relaxado deste congreso permite aos participantes enviar resumos elaborados conxuntamente polo estatístico e o investigador. A presentación de conxuntos de datos e análises que motivaron o traballo comparte a mesma importancia co desenvolvemento da teoría estatística. Serán totalmente apropiados para este congreso todas aquelas investigacións sobre aplicacións novas ou innovadoras das metodoloxías estatísticas existentes para a resolución de problemas reais.

Máis información:

https://45ucl.r.a.d.sendibm1.com/mk/cl/f/qTJdDtJyH9s950R0YofLVVDnzzv75mtKNWV7fL9LS9jWDz83TzzAx689qS7Y5QIRSpM1OFSpC6DB-nBR6tv6Y1po2Y_cSVNJ7hJcWrC1JY-0xro94DnFjVHzAXPFNsTpgJzk-CG3l5rIOSwetp3kYjwQCHfX65Gkv9gps_92iQEczRitY-uOHxSEBxoKA1cjdYq65iqdFJcluSlh1OiBNe44E2SUC2waTYyqcKAu-

[MbrPAXG5laqijeNhUxg257axvy3xZw4l7sVojEIRgkxgj9PxMyGZo37QgGQcuG47AOssAltUS_yoDUGIP7nLQ](#)

5.- Aberto o prazo de nominacións para os ISI Awards

International Statistical Institute (ISI) acaba de publicar a convocatoria dunha serie de premios que se outorgarán no transcurso do [Virtual ISI World Statistics Congress 2021](#). Desde o ISI anímase a toda a comunidade estatística a presentar os seus nomeamentos. Os detalles preséntanse a continuación.

- Premio internacional Mahalanobis: Este premio reconece os logros conseguidos polos estatísticos en países ou rexións en desenvolvemento, estando patrocinado polo Ministerio de Estatística e Implementación de Programas do Goberno da India. A data límite para os nomeamentos é o 14 de xaneiro de 2021. Máis información: <https://www.isi-web.org/news-featured/20331-call-for-nominations-for-the-2021-mahalanobis-international-award>
- Premio Fundadores da Estatística por Contribucións á Investigación Contemporánea: O Premio Fundadores da Estatística por Contribucións á Investigación Contemporánea outórgase en honra aos Fundadores da Estatística. Reconece unha contribución á investigación que tivo unha profunda influencia na teoría, metodoloxía, práctica ou aplicacións estatísticas. A data límite para os nomeamentos é o 7 de xaneiro de 2021. Máis información: <https://www.isi-web.org/events-and-awards/isi-awards/founders-of-statistics-prize/call-for-nominations-2021>
- Premios Jan Tinbergen para mozos estatísticos: Os premios ISI Jan Tinbergen son unha oportunidade para que os estatísticos novos presenten os seus traballos nos congresos mundiais de estatística (WSC) bienais. Os premios levan o nome do famoso econometrista holandés e gañador do Premio Nobel, e están patrocinados pola "Stichting Internationaal Statistisch Studiefonds" holandesa (Fundación do Fondo de Estudos Estatísticos Internacionais). A data límite para as solicitudes é o 4 de xaneiro de 2021. Máis información: <https://www.isi-web.org/events-and-awards/isi-awards/tinbergen-award>
- Concurso Spatial Thinking Student Competition do ISI e Esri: ISI e Esri patrocinan o Concurso de pensamento espacial 2020/21 para estudantes. Os temas de entrada poden incluír estatísticas e ciencia de datos ou centrarse en áreas da economía, a sociedade e o medio ambiente. Alentamos especialmente as presentacións ao redor dos temas do Ano Internacional da Muller en Estatística e Ciencia de Datos, planificación urbana, desenvolvemento sostible, saúde e desastres de todo tipo. Solicite a súa participación antes do 1 de xaneiro de 2021 para asegurarse de ter a oportunidade de participar. Máis información: <https://www.esri.com/en-us/industries/government/departments/isi-student-contest/overview>

6.- Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles

A Fundación BBVA e a Real Sociedad Matemática Española (RSME) colaboran na convocatoria e adxudicación da sétima edición dos Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles. Os premios levan o nome de quen foi profesor das universidades de Valencia, Illas Baleares e Pompeu Fabra, en recordo da súa figura científica e humana.

Nesta convocatoria concederáse un máximo de seis premios, cada un coa dotación bruta de 2.000 euros, todos eles na modalidade de Investigación Matemática.

Os premios están dirixidos a investigadores en matemáticas de nacionalidade española, ou doutra nacionalidade que realicen o seu traballo de investigación nunha universidade ou centro científico de España, que sexan menores de 30 anos ao 31 de decembro de 2020 e por tanto nacesen nos anos 1991 ou seguintes.

Sen excluír ningunha rama temática que se considere pertinente dentro do rango da investigación matemática á que se refiren os premios, considéranse incluídas as seguintes: combinatoria, optimización, estatística, teoría da información, lóxica, teoría de números, álgebra, xeometría alxebraica, topoloxía, xeometría, teoría de representacións, análises, sistemas dinámicos, ecuacións en derivadas parciais, modelización e simulación, computación e aproximación, física matemática, matemáticas da vida e da Terra, matemáticas económicas e sociais.

O prazo de presentación de candidaturas, a través do correo electrónico premiosrsme@rsme.es da Secretaría da Real Sociedade Matemática Española, finaliza ás 14:00 horas (hora peninsular) do luns 1 de marzo de 2021.

Bases da convocatoria:

<https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2020/11/Bases-Premios-Investigacion-Matematica-Vicent-Caselles-2021.pdf>

Impreso de solicitude:

<https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2020/11/Impreso-solicitud-Premios-Investigacion-Matematica-Vicent-Caselles-2021.pdf>

Máis información:

<https://www.fbbva.es/premios/premios-investigacion-matematica-vicent-caselles-2021>

7.- Contrato a cargo do proxecto DIDONE – Advanced Grant ERC 2017, UCM-ICCMU

Convocatoria de contrato de predoutoramento: científico de datos.

Director do proxecto: Prof. Dr. Álvaro Torrente Sánchez-Guisande.

Entidade contratante: ICCMU.

Lugar de traballo: Universidade Complutense de Madrid, 28040 Madrid.

Duración do contrato: 11,5 meses, a partir do 18 de xaneiro de 2021, prorrogable anualmente ata o 31 de decembro de 2023.

Salario: 25.000 € brutos anuais.

Requisitos:

- Licenciatura en Data Science ou equivalente.
- Experiencia en ciencia de datos, estatísticas e aprendizaxe automática.
- Coñecemento de técnicas de PNL.
- Dominio do inglés (nivel B2 ou equivalente).

Tamén se valorará:

- Experiencia en traballar con Spark.
- Experiencia básica en teoría musical.
- Capacidade para traballar en equipos multidisciplinares.
- Experiencia na presentación de traballos a revistas especializadas e congresos.

Tarefas a desenvolver:

- Desenvolvemento de modelos supervisados e non supervisados con datos musicais.
- Desenvolvemento de modelos predictivos para a determinación de emocións en textos e partituras musicais.
- Producción de traballos científicos, tanto en formato escrito como oral (conferencia).

Espérase que o candidato seleccionado resida en Madrid.

Enviar CV xunto cunha carta de motivación e dúas cartas de referencia a didone@iccmu.es.

Data límite: 5 de xaneiro de 2021, 11:59 p.m. CET.

Os candidatos preseleccionados serán entrevistados do 13 ao 15 de xaneiro de 2021. As entrevistas levarán a cabo en liña a través de Zoom ou en persoa se as condicións o permiten.

Se hai máis dun candidato que cumpre cos requisitos, crearase unha bolsa de emprego para futuras convocatorias de contratos.

Calquera gasto incorrido para a realización da entrevista correrá a cargo do candidato.

8.- Contratos de traballo no grupo SiDOR

O grupo de investigación SiDOR (Statistical Inference, Decision and Operations Research, <http://sidor.uvigo.es>) da Universidade de Vigo ofrece os seguintes contratos de iniciación á investigación e, por outra banda, de predoutoramento.

1. Dous contratos predoutorais para realizar a tese de doutoramento. A tese encadrarase nunha das liñas de investigación do grupo SiDOR (inferencia non paramétrica, regresión semiparamétrica e non paramétrica, análise de supervivencia, teoría de xogos, teoría da decisión, investigación operativa etc.). A investigación do SiDOR está financiada por proxectos do Ministerio de Ciencia e Innovación. Investigadores principais: Jacobo de Uña e Juan Carlos Pardo (Estatística; jacobo@uvigo.es , juancp@uvigo.es), Gloria Fiestras (Investigación Operativa, fiestras@uvigo.es). Os interesados poden contactar con eles para ampliar información.

Requisitos:

- Formación específica (licenciatura, mestrado etc.) na área de Estatística e Investigación Operativa que dea acceso ao Programa de Doutoramento “Estatística e Investigación de Operacións” da Universidade de Vigo. Graduados con polo menos 60 ECTS superados a nivel de Mestrado na área de Estatística e Investigación Operativa cumpren este requisito.
- Coñecementos de programación. Manexo de software estatístico.
- Bo nivel de inglés falado e escrito.

Criterios de valoración:

- Expediente académico de grao/licenciatura e de mestrado. Curriculum vitae.
- Entrevista persoal.

Descrición do traballo:

- Salario bruto: 1250 euros/mes.
- Xornada de traballo semanal: 37.5 horas/semana.
- Duración do contrato: 32 meses.
- Centro de traballo: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e/ou CINBIO. Campus Universitario Lagoas-Marcosende (Vigo).
- Os candidatos seleccionados comprométese a concurrir a convocatorias predoutorais públicas (FPU, FPI, Xunta de Galicia, Universidade de Vigo, etc).

Presentación de solicitudes e prazo:

- Correo electrónico a sidor@uvigo.es con tema: Praza Predoctoral SiDOR.
- Achegar carta de presentación, expediente académico de grao/licenciatura e mestrado e CV.
- Prazo: ata as 14:00 horas (CET) do 29 de xaneiro de 2021.

Entrevistas persoais e resolución:

- Os candidatos preseleccionados serán convocados a unha entrevista persoal. Non se manterá correspondencia co resto dos solicitantes.
- Data prevista de inicio do contrato: 1 de marzo de 2021.

2. un contrato de Iniciación á Investigación en Estatística e Investigación Operativa baixo a dirección de investigadores do grupo. A investigación a

realizar corresponde ás liñas estratéxicas do grupo SiDOR, que inclúen investigación básica e proxectos de I+D con empresas e institucións.

Requisitos:

- Graduados con polo menos 60 ECTS superados a nivel de Mestrado na área de Estatística e Investigación Operativa
- Manexo de software estatístico. Coñecementos de programación
- Bo nivel de inglés falado e escrito

Criterios de valoración:

- Expediente académico do grao
- Expediente académico de mestrado, no seu caso
- Curriculum vitae
- Entrevista persoal

Descrición do traballo:

- Salario bruto: 1250 euros/mes
- Xornada de traballo semanal: 37.5 horas/semana
- Duración do contrato: 8 meses
- Centro de traballo: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e/ou CINBIO. Campus Universitario Lagoas-Marcosende (Vigo)

Presentación de solicitudes e prazo:

- Correo electrónico a sidor@uvigo.es co seguinte asunto: Contrato Ini Inv - SiDOR
- Achegar carta de presentación e expediente académico de grao/mestrado e CV
- Prazo: ata as 14:00 horas (CET) do 29 de xaneiro de 2021
- Os candidatos preseleccionados serán convocados a unha entrevista persoal. Non se manterá correspondencia co resto dos solicitantes
- Data prevista de inicio do contrato: 1 de marzo de 2021

Máis información:

<https://www.sgapeio.es/index.php/listado-novas/ofertas-de-emprego-e-bolsas/3443-oferta-de-traballo-contrato-de-iniciacion-a-investigacion-sidor>

9.- 15 contratos de predoutoramento no proxecto Horizonte2020-Marie Skłodowska-Curie Innovative Training Networks

O programa de doutoramento conxunto H2020 Marie-Sklodowska-Curie Actions European Joint Doctorate DEDS está a recrutar a 15 investigadores en etapa inicial de investigación. DEDS opera baixo o marco de Horizonte 2020-Marie Skłodowska-Curie Innovative Training Networks (H2020-MSCA-ITN-2020). Está organizado conxuntamente pola Université Libre de Bruxelles (Bélxica), a Universitat Politècnica de Catalunya (España), Aalborg Universitet (Dinamarca) e o Athena Research and Innovation Institute (Grecia). As organizacións asociadas do eido da investigación, a industria e o sector público contribúen de maneira destacada ao programa, capacitando aos estudantes e proporcionándolles habilidades e traballo nunha ampla gama de áreas, incluídas a Enerxía, Finanzas, Saúde, Transporte e Relación e Soporte Cliente.

DEDS é un programa de doutoramento de 3 anos baseado nun modelo de co-tutorización. Ofrece un conxunto de 15 proxectos de doutoramento, totalmente financiados, centrados nos aspectos principais da xestión integral do ciclo de vida dos datos. Cada proxecto de doutoramento está codirixido por dous beneficiarios e inclúe a estancia nunha organización asociada, que fundamentará a investigación na práctica e validará as solucións propostas. DEDS ofrece unha formación innovadora que comprende cursos técnicos e transversais, catro escolas de verán e inverno organizadas conxuntamente, así como actividades de difusión que inclúen eventos de ciencia aberta. Ao graduarse, proporcionarase un título conxunto das universidades que co-tutoricen o proxecto de doutoramento.

Para ter unha visión completa de cada posto e os procedementos para postularse, visítese o sitio web do proxecto: <https://deds.ulb.ac.be/>

10.- Contrato FBBVA - Procesamento da Linguaxe Natural

A Universidade da Coruña oferta un contrato de investigación na área do Procesamento da Linguaxe Natural (PLN). O contrato está vinculado ao proxecto “Transferencia de estrutura da linguaxe en modelos PLN para linguas con escaseza de recursos”, financiado pola Fundación BBVA. O candidato seleccionado traballará nunha das principais áreas de aplicación da aprendizaxe automática e deep learning, e formará parte dun grupo de investigación en PLN moi activo. O contratado/a terá como funcións as de deseñar e implementar modelos computacionais que melloren os sistemas encargados de comprender e analizar a estrutura sintáctica de idiomas para os que existen poucos falantes ou recursos. As características do contrato son:

- Duración: 12 meses.
- Salario bruto: 1700€ (12 pagas).
- Data esperada de inicio: Marzo/Abril de 2021.
- Lugar de traballo: A Coruña, España.

Requirimentos:

- Grao en Informática, Lingüística Computacional, Matemáticas, Telecomunicacións ou equivalente.
- Inglés fluído, tanto falado como escrito.
- Excelente dominio de linguaxes de programación como Python, Xava, C ou C++.

Contacto: Os candidatos interesados poden enviar un email a David Vilares (david.vilares@udc.es) co asunto: UDC-Leonardo-BBVA e incluíndo un CV breve en formato PDF.

11.- Ofertas de Assistant Professor (tenure-track) na Universidad Carlos III de Madrid

O Departamento de Estatística da Universidade Carlos III de Madrid (UC3M) convida a postularse para ata dous postos de profesor asistente a tempo completo en réxime de titularidade, a partir do 1 de setembro de 2021.

Os requisitos laborais inclúen:

- Excelente traxectoria de experiencia investigadora en calquera das áreas do Departamento (Econometría, Investigación Operativa, Probabilidade e Estatística), reflectida en publicacións de alta calidade arbitradas internacionalmente.
- Un doutoramento en campos relacionados antes da data de inicio prevista.
- Experiencia docente demostrada de alta calidade e/ou habilidades didácticas probadas.
- Excelente dominio do inglés (escrito e verbal, xa que se espera que os profesores impartan cursos en inglés, tanto a nivel de pregrao como de posgrao).

As condicións de emprego inclúen:

- Un contrato suxeito a avaliacións internas, coa perspectiva de converterse en Profesor Titular, suxeito á normativa española e universitaria.
- Salario corresponde ao dun Profesor Titular das universidades públicas españolas.

Antes da data límite do 28 de febreiro de 2021, os solicitantes deben enviar por correo electrónico a departamento.estadistica@uc3m.es (ao que tamén se poden dirixir consultas):

- Unha carta de presentación que inclúa declaracións de intereses e obxectivos de investigación e ensino.
- Un currículo.
- Polo menos dúas cartas de referencia.

O Departamento convidará os candidatos preseleccionados a unha entrevista e para presentar un seminario de investigación, ambos posiblemente en liña.